# 1.Líder BASKET



# ESTUDIANTES VAI CON TODO

**O club celeste é o único de Galicia** que clasificou a todos os seus equipos para loitar polos campionatos galegos no formato no que se disputan as ligas cadete, infantil, preinfantil e minibasket

# Triunfo por físico e calidade

## ESTUDIANTES ESTIVO LONXE DO SEU MELLOR NIVEL pese á clara vitoria ante PBB


Lucas iniciando unha xogada no Anexo ante PBB

| ESTUDIANTES 85 | | PORRIÑO 36 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | | Xogador | Pts. |
| Lucas | 7 | González | |
| Mark | 16 | Fernández | |
| Iván | 10 | Dejar | |
| Jorge | 4 | Pino | |
| Iago | 11 | Salinas | |
| Janusevicius | 20 | Fontán | |
| Luis | 8 | López | |
| Diego | 5 | Fernández | |
| Alberto | 4 | González | |
| Trabado | | Pereira | |
| | | Romero | |

**9**

**PUNTOS ENCAIXADOS** en cada un dos catro cuartos por Estudiantes, que menos no último, sempre estivo por riba dos vinte anotados. 23-9,23-9,22-9 e 17-9.


Alberto a piques de facerse cun balón dividido

> "Tenemos que salir a lo partidos al máximo sea quien sea el rival que tengamos en frente" MARCOS LÓPEZ Estudiantes


Iago encarando a un xogador rival en ataque

Partido máis efectivo que vistoso do Estudiantes na Liga Galega júnior masculina nesta xornada, na que o conxunto que dirixe Marcos López impúxose con autoridade a Porriño, pero máis por físico e calidade individual que por xogo.

Desde os primeiros minutos Estudiantes tomou o mando no marcador, pero ante a superioridade manifesta, perderon unha boa ocasión de probar situacións defensivas e ofensivas distintas en partido. En defensa as novidades non deron o seu mellor resultado pese a encaixar tan só nove puntos por cuarto, mentres que en ataque, o dominio no rebote ofensivo concedía segundas e ata terceiras opcións para anotar e ampliar a vantaxe ante a falta de acerto no tiro exterior. Dentro das notas positivas está, como a vitoria para seguir metendo presión a Peleterio, que todos os xogadores aportaron en todas as facetas do xogo.


Janusevicius a piques de lanzar a canastra no Anexo

# O Ensino curou as penas do derbi

## TRAS ESTUDIANTES, gran reacción e vitoria cómoda no Anexo

| ENSINO 79 | | ARXIL 46 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Marina | 22 | Carabelos | |
| Natalia M. | 6 | Durán | |
| Carmen | 15 | Vázquez | |
| Leboreiro | 9 | Gómez | |
| Maite | 11 | Fernández | |
| Natalia G. | 9 | Faye | |
| Uxía | 2 | Tosar | |
| Nuria | 5 | Seoane | |
| | | Villar | |
| | | Riveiro | |

> "Ha sido un partido que nos ha servido para mejorar y recuperar a una jugadora, Uxía Sureda" MIGUEL LÓPEZ Durán Maquinaria Ensino

O Durán Maquinaria Ensino reaccionou da mellor das formas á derrota do pasado venres no derbi ante Estudiantes. Un partido igualado no que os dous equipos chegaron con opcións ao desenlace final no que as celestes souberon xestionar mellor as emocións.

Ante unha derrota así, o mellor é volver competir canto antes, e o Ensino tivo esa posibilidade tan só dous días despois, ao recibir o domingo a Arxil.

O conxunto de Miguel López dominou desde o inicio cunha presión alta que propiciou un primeiro parcial de 22-4 co que sentenciaron o partido.

Na próxima xornada o Ensino visita a pista de Cortegada, un dos seus rivais directos. A vitoria evitaría en principio un cruzamento en semifinais de play off con Estudiantes.


Marina Canzobre entre dúas xogadoras rivais


A ensinista Maite adentrándose na pintura

# Estudiantes traerá a Lugo a final four

## TRAS IMPOÑERSE NO DERBI E A PORRIÑO o segundo posto está feito

| ESTUDIANTES 90 | | PBB 45 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Ana | | Pregal | |
| Zeltia | | Sías | |
| Eva | | Fernández | |
| María | | Alonso | |
| Adriana | | Pérez | |
| Alba | | Lorenzo | |
| Sabela | | Giraldez | |
| Yashina | | Besada | |
| Candela | | Punzón | |
| Alexia | | Miranda | |
| | | Mazoy | |
| | | Rodríguez | |


Zeltia Presas mira o aro nunha acción de ataque

> "Felicidades a todas las jugadoras por este gran fin de semana. Estamos en el buen camino para ser segundas" FERNÁN VARELA Estudiantes Lugo

Estudiantes xa toca o subcampeonato da Liga regular coas mans. As celestes afrontaban un súper fin de semana que empezaba o venres co derbi ante o Ensino e que finalizou o domingo pola tarde ante Porriño.

Os dous encontros saldáronse con vitoria dun Estudiantes, que conta con catro vitorias sobre Rosalía cando tan só faltan seis xornadas por disputar. O segundo posto traerá a Lugo a final four na que Estudiantes será cabeza de serie.

No derbi do venres as de Fernán Varela foron máis regulares e controlaron o arreón final do Ensino en busca da remontada, mentres que ante Porriño, o partido presentábase trampa trala euforia do derbi e a posición do seu rival, que con todo viña de impoñerse a Rosalía.

Estudiantes evitou calquera dúbida cunha boa posta en escena coa que tomou o mando do encontro, 20-10 no primeiro cuarto. No segundo cun 17-5 puxo terra polo medio, e na segunda parte luciu potencial ofensivo anotando 27 e 26 puntos no terceiro e cuarto parcial respectivamente, para selar o claro e contundente 90-45 final.


Yashina mira o aro de espaldas a unha rival


A celeste Enma freada por unha xogada rival


Laura correndo unha acción de contraataque

# No Anexo mandan elas

**SEMANA GRANDE PARA ESTUDIANTES,** que tras ver comprometida a súa clasificación para a segunda fase, asinou o pase tras impoñerse no derbi ao Ensino e a Cortegada

| ESTUDIANTES 55 | | CORTEGADA 53 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Candela | 8 | Ribadomar | |
| Yashina | 15 | Abal | |
| Enma | 8 | Dios | |
| Marta F. | 3 | Devesa | |
| Claudia | 8 | Blanco | |
| Cris | | Potel | |
| Alejandra | | Serqueida | |
| Laura | | Rios | |
| Carla | | Farpón | |
| Marta R. | | Cardal | |

**"Felicito a todas mis jugadoras por el esfuerzo realizado y por su trabajo diario. Todo ello ha tenido su justa y merecida recompensa"** SISE PEINÓ Estudiantes Lugo

Semana grande para o Estudiantes cadete feminino. O conxunto que dirixe Sise Peinó tiña por diante dous partidos de máxima esixencia e ante dous rivais directos por entrar no corte dos catro primeiros. O primeiro, o martes no derbi ante o Ensino, nun partido no que foron máis regulares no computo do encontro, e o segundo ante Cortegada.

A marxe de erro era mínima e Estudiantes sacou a relucir a súa mellor versión no momento máis importante. O traballo das últimas semanas deu os seus froitos e cunha brillante posta en escena tomaron as primeiras vantaxes no marcador, 13-9 e 13-10 para chegar ao descanso 26-19.

Cortegada quixo vender cara a derrota, xa que aínda que teñen opcións de clasificarse, xa non depende de si mesmas na última xornada.

As visitantes empezaron a segunda parte con dous triplos seguidos e un parcial de 0-6, o que equilibrou o marcador ao longo dos segundos vinte minutos nos que a igualdade foi máxima. Estudiantes conseguiu conter mellor as emocións na recta final, na que Cortegada tivo un último lanzamento para gañar, pero o balón non entrou e Estudiantes selou a súa clasificación para a segunda fase da tempada na que se citará cos outros sete mellores equipos galegos do baloncesto cadete feminino.

Na última xornada as lucenses visitan a Maristas Coruña nun partido sen nada en xogo a nivel clasificatorio.

## Tralo descanso, viuse un gran Ensino

**O CONXUNTO DE ADRIÁN GONZÁLEZ,** clasificado para a segunda fase

| B. CORUÑA 45 | | ENSINO 71 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | Pts. | Xogadora | Pts. |
| Ibáñez | | Maite | 14 |
| Herrero | | Sabela | |
| Lara | | Nerea | 2 |
| Rodríguez | | Silvia | |
| Gutiérrez | | Lara | |
| Varela | | Nuria | 10 |
| Fernández | | Natalia | 16 |
| Lijo | | Any | 14 |
| Temprano | | Lucía | 4 |
| Vizcaino | | Mencía | 11 |
| López | | | |


Nerea a piques de lanzar no encontro de ida

**"Unos segundos veinte minutos disputados por un gran equipo"** ADRIÁN GONZÁLEZ Cafés Candelas Ensino

O Cafés Candelas Ensino volveu á senda da vitoria na Liga Galega cadete. Unha vitoria que vale o seu peso en ouro, xa que o conxunto de Adrián González, a falta dunha xornada, está clasificado para disputar a segunda fase entre os oito mellores equipos galegos.

A semana non empezou ben, trala derrota ante Estudiantes no derbi, nun partido no que o Ensino tivo picos de bo baloncesto pero as celestes foron máis regulares. Nesta xornada, a derrota por un punto de Peleteiro ante Rosalía e a vitoria de Ensino en Coruña certificou o pase e evitou un cara e cruz con Peleteiro na última xornada.

Ante Basquet Coruña o Ensino foi de menos a máis. Na primeira parte, conscientes da importancia do encontro, as lucenses tiveron unha boa actitude, controlando o partido desde a defensa e anotando con facilidade. Con todo, as perdas de balón e o dominio herculino no rebote levaron o marcador ata un axustado 26-30 ao descanso.

Na segunda parte o Ensino soltouse e xogou o seu mellor baloncesto. Defendendo a un gran nivel e atacando a zona local 1-3-1 moi ben para romper o partido ao seu favor con autoridade e meterse entre os oito mellores equipos da cara á segunda fase cun parcial na segunda parte de 23-41.

## Estudiantes bateu cun coloso

**OBRADOIRO IMPÚXOSE** e exhibiu potencial ao seu paso polo Anexo

| ESTUDIANTES 57 | | OBRADOIRO 78 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Sergio | | Rodríguez | |
| Eloy | 3 | Eluku | |
| Jorge | 10 | Fuentes | |
| Iker | 3 | Taboada | |
| Anxo | 6 | Lestón | |
| Garabito | | García | |
| Olloqui | 12 | Rosdríguez | |
| Dani | 5 | Rey | |
| Antón | 4 | Díaz | |
| Pedro | 12 | Iglésias | |
| Lucas | 2 | Rivadulla | |

**"A pesar de competir a un nivel muy alto, no fue nuestro mejor día en ataque y eso ante un rival que domina el rebote es decisivo"** JAVI PEINÓ Estudiantes Lugo

Estudiantes disputou un bo partido pero quedou eclipsado polo potencial físico de Obradoiro, líder de grupo e claro aspirante ao título Galego.

A posta en escena marcou un pouco o rumbo do partido, xa que Estudiantes tivo que remar contracorrente tralo 4-16 inicial. Aos poucos fóronse reducindo as distancias, pero cada erro no tiro propiciaba posesión para os composteláns ao dominar con autoridade o rebote polo seu tamaño. As porcentaxes de tiro foron baixas e aí estivo a clave, xa que por xogo en si, Estudiantes miroulle aos ollos a Obradoiro en todo momento.


Sergio entre dous xogadores composteláns


O celeste Dani coa pelota nun dous para un

# Partidazo e premio para Estudiantes

**CLASIFICADOS PARA A SEGUNDA FASE,** os celestes asinaron un dos mellores encontros do curso ante Burela



Marcos correndo un contraataque seguido por Brais

| CB BURELA 47 | | ESTUDIANTES 83 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Álvaro Ben | 1 | Miguel | |
| Marcos | 14 | Cris | |
| Pablo | | Ales | |
| Joaquín | | Manu | |
| Álvaro | | Joel | |
| Raúl | | Gabi | |
| Mario | 1 | Ruano | |
| Luis | 10 | Brais | |
| Carlos | 15 | Óscar | |
| Diego | 6 | Fabio | |
| | | Diego | |

"Demasiada diferencia física entre los dos equipos a lo largo del encuentro" MANOLO COBAS Academia Mariña Burela

"Partido que hemos jugado a un muy buen nivel en ataque" ÁNGEL RIOBOO Estudiantes Lugo

Estudiantes, como o resto dos equipos do club capitalino, estará na segunda fase na que se medirá cos outros sete mellores equipos de Galicia infantil masculino. Os celestes selaron o pase a falta dunha xornada tras impoñerse no derbi disputado en Vista Alegre ante o Academia A Mariña Burela, nun partido que distou moito do disputado no encontro de ida no Anexo no que, sobre todo na primeira parte, os de Manolo Cobas competiron e ata foron mellores que os capitalinos.

Nesta ocasión Burela ben é certo que contou coas ausencias de dúas referentes como son Antón e Daniel, pero o partido á marxe disto estivo marcado pola superioridade física e técnica dun Estudiantes que, por momentos, xogou un gran baloncesto ata asinar un dos seus mellores encontros da tempada no momento xusto do curso.

O encontro empezou igualado, con Burela plantando cara ata que na recta final do primeiro parcial Estudiantes conseguiu un parcial de 2-10 co que abriu brecha no marcador, 15-26.

A partir de aí a defensa presionante de Estudiantes puxo en complicacións a un Burela que en defensa sufriu moito cos balóns interiores que metía Estudiantes, que sen abusar do rebote atopou vías para manter un goteo constante de puntos para ir ampliando a diferenza no marcador co paso do encontro.

11-22 no segundo cuarto para chegar ao descanso con 26-48.

Co partido visto para sentenza a defensa presionante de Estudiantes continuou ampliando distancias, xa que ademais de evitar que Burela anotase, conseguía canastras cómodas en rápidas transicións tras roubos de balón. Os dous últimos parciais foron de 11-16 e 10-19 para pechar o marcador no definitivo 47-83.

**Próxima xornada**

O Academia A Mariña Burela pechará esta primeira fase desta Liga Galega infantil masculina visitando a pista do terceiro clasificado, Culleredo, mentres que Estudiantes farao no Anexo ante o colista. Maristas Coruña, nun partido sen transcendencia a nivel clasificatorio.

**8**

**EQUIPOS CLASIFICADOS** catro de cada un dos dous grupos nos que se dividiu a primeira fase da Liga Galega infantil masculina. Estudiantes loitará con outros sete conxuntos polo título galego e o Burela por evitar o descenso

**2**

**AUSENCIAS** o Academia A Mariña Burela afrontou o derbi sen dous dos seus referentes, Antón e Daniel, polo que a misión dos mariñaos se complicaba xa de antemán

**2-10**

**DE PARCIAL** nos últimos minutos do primeiro cuarto. Cando Burela estaba aguantando o tirón inicial de Estudiantes os capitalinos tomaron vantaxe no treito final do primeiro parcial



Carlos trata de taponar o lanzamento a canastra de Joel



O mariñao Carlos coa pelota defendido por Fabio



Sara tras capturar un rebote ofensivo no partido de ida

# Á segunda fase coas espadas en todo o alto

**ESTUDIANTES VARRE NA SEGUNDA PARTE** a un rival directo e pasa como segundo

| GIRALDO 34 | ESTUDIANTES 48 |
|---|---|
| Xogadora | Xogadora |
| Barcia | Candela |
| Gutierrez | Celia |
| Millán | Iria |
| González | Laura Marín |
| Torre | Nerea |
| Andrés | Naiara |
| Pérez | María |
| Lafuente | Lucía |
| Juguen | Laura Mesa |
| Fontela | Carolina |
| Otero | Sara |
| | Marta |

"Partidazo y segundo puesto para el equipo" JULIA PENA Estudiantes Lugo

**2**

**POSTO E BASKETAVERAGE** Tras perder de tres puntos no partido da primeira volta, Estudiantes pasa cunha vitoria máis a segunda fase que se disputa baixo sistema olímpico

Estudiantes presentouse en Vilagarcía coa intención de dar un golpe sobre a mesa na competición e as de Julia Pena conseguírono. En fronte estaba un gran rival que na primeira volta impúxose no Anexo por tres puntos, ademais en xogo estaba a segunda praza e, ao pasar á segunda fase baixo sistema olímpico, a importancia do average era aínda maior.

A trascendencia da cita traduciuse en nervios e imprecisións no tramo inicial, pero cando Estudiantes estaba colléndolle o pulso ao partido, chegou a lesión de Marta no ecuador do primeiro parcial, o que sacou un pouco ás celestes do encontro. Pese a iso o conxunto lucense mantivo o tipo nos momentos de maior incerteza e chegou ao descanso con máxima igualdade, 24-23.

Na segunda parte, de novo con Marta en pista, Estudiantes recuperou a normalidade e con ela foi varrendo da pista aos poucos a un Giraldo incapaz de atopar respostas.

A defensa celeste rozou a perfección por momentos, dominando ademais o rebote e deixando a Giraldo en tan só 10 puntos ao longo de toda a segunda parte.

En ataque, pese a fallar algunha canastra cómoda por precipitacións, Estudiantes tivo un xogo fluído. Ao final, o parcial da segunda parte de 10-25 foi claro e contundente ademais de encher o depósito de moral para un equipo que na segunda fase ten moitas cousas que dicir ante os mellores equipos de Galicia de baloncesto infantil feminino.

# Flopping a Maristas ante Basket Ferrol

## A DESCALIFICACIÓN DE JULIÁN POR FALTAS TÉCNICAS decantou o encontro no Anexo, no que ademais foi baixa Samuel



Mauro desbordando a un xogador ferrolán no Anexo

| 56 MARISTAS Xogador | Pts. | 66 B. FERROL Xogador | Pts. |
|---|---|---|---|
| **Mauro** | 4 | Taboada | |
| **Néstor** | 6 | Blanco | |
| **Samuel N.** | | Menéndez | |
| **David** | 1 | Loureiro | |
| **Gabriel** | 6 | Toimil | |
| **Alexis** | 4 | Vázquez | |
| **Jorge** | 4 | Romero | |
| **Julián** | 29 | Miramonte | |
| **Gabriel F.** | 2 | | |

O botín acumulado por Maristas ao longo desta primeira fase está servindo de colchón para os de Rubén Engroba na recta final da competición ao ter xa asegurada, a falta dunha xornada, a súa presenza no Galego preinfantil masculino.

Ante Basket Ferrol o partido estaba marcado de inicio pola ausencia do lesionado Samuel Viño e a calidade individual do visitante André. Pero unha vez comezou o encontro o factor determinante foi

**29**

**PUNTOS DE JULIÁN**
Pese a estar moitos minutos no banco por acumulación de faltas e tras ser expulsado rigorosamente tras unha segunda técnica por flopping

Julián. O xogador lucense, mentres estivo en pista, dominou o partido, pero primeiro a carga de faltas e despois unha rigorosa expulsión por técnicas facilitou o camiño para a vitoria de Basket Ferrol.

No primeiro cuarto as forzas estiveron igualadas aínda que André fixo dano na pintura, 15-11, mentres que nada máis empezar o segundo parcial Julián viu a segunda falta persoal e a primeira técnica polo que se foi todo o cuarto ao banquiño e Ferrol remontou e dominou cun parcial de 9-22.



Julián en plena transición ofensiva cara o aro rival



Gabriel busca un bo pase nunha acción de ataque

> "Orgulloso del equipo en las buenas y en las malas. Nos recuperaremos de esto" RUBÉN ENGROBA Maristas Lugo

Tralo descanso Maristas volveu ser mellor e con 20 puntos de Julián volveu tomar as rendas do partido cun terceiro parcial de 24-13, mentres que no último cuarto, con todo a favor, chegou a segunda técnica a Julián por flopping que terminou de desnivelar o encontro a favor dun Basket Ferrol que, con todo, non foi superior en ningún momento pero remontou cun parcial final de 8-20.



Jorge a piques de lanzar a canastra ante un rival

# Un triunfo dos que fortalecen

## ESTUDIANTES gañou en Oleiros e aínda opta ao título zonal

| 59 MONTROVE Xogador | Pts. | 75 ESTUDIANTES PiXogador | Pts. |
|---|---|---|---|
| Fernández | | **Brais** | 27 |
| Baleato | | **Dani** | 2 |
| Vilariño | | **Leo** | 6 |
| Boo | | **Bernal** | |
| Barbeito | | **Rozas** | 2 |
| González | | **Serguei** | 24 |
| Gómez | | **Antón** | |
| Calvo | | **Mario** | |
| Arias | | **Isma** | 12 |
| | | **Mateo** | 2 |
| | | **Pi** | |
| | | **Santi** | |



Isma e Dani presionando a un rival no encontro de ida

> "Sacamos adelante un partido muy complicado" NICO FERNÁNDEZ Estudiantes

Estudiantes segue exhibindo o seu gran estado de forma na Liga Galega preinfantil masculina. O conxunto que dirixe Nico Fernández, ademais de selar a súa clasificación matemática para a segunda fase e de impoñerse nunha das pistas máis complicadas da competición, chega á última xornada ata con opcións de título zonal. Para iso necesitan un favor de Maristas, que xoga ante Narón. Unha vitoria dos lucenses e unha vitoria de Estudiantes ante BBCA no Anexo darállles o título zonal.

Para chegar con estas opcións, o conxunto celeste tivo que saír airoso de Oleiros ante Montrove nun partido que empezou con pouca actividade defensiva, o que propiciou un intercambio de canastras que desencadeou no 26-24 co que se pechou o primeiro cuarto.

No segundo, Estudiantes púxose o mono de traballo en defensa e empezou a tomar as rendas do xogo e do marcador co 35-39 co que terminou a primeira parte.

Montrove botou o resto ao comezo da segunda parte para meterse no partido, pero Estudiantes aguantou o tirón cun terceiro parcial de 15-15 e sentenciou o encontro nos últimos vinte minutos cun claro e contundente 9-21 co que os de Nico Fernández chegan á última xornada desta primeira fase con opcións de título zonal e coa seguridade de que estarán entre os oito mellores equipos preinfantil masculinos de Galicia.

# Estudiantes gaña en sensacións

## VITORIA ANTE O TERCEIRO CLASIFICADO antes de xogarse o primeiro posto na próxima e última xornada ante BBCA no Anexo

| 37 CORTEGADA Xogadora | Pts. | 51 ESTUDIANTES Xogadora | Pts. |
|---|---|---|---|
| Mariño | | **Laura** | |
| Falcón | | **María A.** | |
| Suárez | | **Ana** | |
| Álvarez | | **María C.** | |
| López | | **Paula A.** | |
| Noya | | **Aroa** | |
| Domínguez | | **Paula L.** | |
| Lago | | **Sara P.** | |
| Paz C. | | **Sara G.** | |
| Paz P. | | **Daniela** | |
| Tarrío | | | |



Gemma Souto dando instruccións nun tempo morto

> "Ha sido un partido igualado que hemos afrontado con ganas y motivadas. Enhorabuena a todo el equipo" GEMMA SOUTO Estudiantes Lugo

Estudiantes visitaba a pista de Cortegada sen marxe de erro. O partido era contra o terceiro clasificado e a falta de dúas xornadas. A última será a cita da tempada ata a data, xa que na última xornada desta primeira fase, Estudiantes recibe a BBCA no Anexo co primeiro posto en xogo.

Conscientes de que tan só a vitoria en Vilagarcía lles daría opcións de loitar polo primeiro posto na última cita, Estudiantes saltou á pista cunha gran intensidade e sobre todo coas ideas moi claras. Pero tamén tivo que lidiar cun gran rival que pese ao 8-16 do primeiro cuarto, as sensacións eran de maior igualdade do que reflectía o marcador.

No segundo Estudiantes secou a Cortegada cunha boa e efectiva presión na saída de balón local, mentres que en ataque, sen ter un xogo do todo fluído, as lucenses tiveron acerto e levaron o marcador ata o 12-26 co que terminou a primeira parte.

Na segunda, Estudiantes aguantou o arreón inicial de Cortegada en busca da remontada, 12-11 no terceiro cuarto para ampliar as diferenzas no último unha vez que as locais viron que era imposible loitar pola vitoria.

Coa moral polas nubes e as boas sensacións,Estudiantes recibirá a PBBA co primeiro posto en xogo a próxima xornada.

# CLASIFICACIÓNS » Primeira e Segunda División

## JÚNIOR 1º DIV. MASCULINA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Obradoiro – B. Coruña | 96-39 |
| Blanco Amor – Tui | 55-76 |
| Rosalia – Sigaltec | 68-69 |
| Seis Nadal – Bosco | 41-67 |
| B. Ferrol – C. Ourense | 67-69 |
| Estudiantes – PBB A | 85-36 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO | 16 | 16 | 0 | 0 | 1316 | 838 |
| **ESTUDIANTES** | **16** | **15** | **1** | **0** | **1485** | **998** |
| BASKET FERROL | 16 | 10 | 6 | 0 | 1141 | 1026 |
| ROSALÍA | 16 | 10 | 6 | 0 | 1215 | 1123 |
| SIGALTEC | 16 | 8 | 8 | 0 | 1003 | 1102 |
| CLUB OURENSE | 16 | 8 | 8 | 0 | 1029 | 1056 |
| TUI SETA | 16 | 8 | 8 | 0 | 1128 | 1162 |
| SALESIANOS | 16 | 7 | 9 | 0 | 1020 | 954 |
| PBB A | 16 | 6 | 10 | 0 | 896 | 1114 |
| SEIS DO NADAL | 16 | 4 | 12 | 0 | 913 | 1170 |
| BLANCO AMOR | 16 | 2 | 14 | 0 | 947 | 1226 |
| BASQUET CORUÑA | 16 | 2 | 14 | 0 | 931 | 1255 |

### PRÓXIMA XORNADA

PBB A - Rosalía · Sigaltec - Blanco Amor
C. Ourense - Obradoiro · Bosco - B. Ferrol
B. Coruña - Estudiantes · Tui - Seis Nadal

## CADETE 1º DIV. MASC. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Culleredo – Carballo | 54-28 |
| Estudiantes – Obradoiro | 57-78 |
| Rosalía – B. Ferrol | 105-54 |
| Narón – B. Coruña | 44-74 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO | 13 | 12 | 1 | 0 | 1048 | 594 |
| ROSALIA CASTRO | 13 | 11 | 2 | 0 | 1140 | 700 |
| **ESTUDIANTES** | **13** | **10** | **3** | **0** | **1179** | **827** |
| KFC CULLE | 13 | 8 | 5 | 0 | 851 | 746 |
| BASQUET CORUÑA | 13 | 5 | 8 | 0 | 809 | 866 |
| BASKET FERROL | 13 | 5 | 8 | 0 | 750 | 942 |
| NARÓN | 13 | 1 | 12 | 0 | 532 | 1011 |
| CARBALLO | 13 | 0 | 13 | 0 | 505 | 1128 |

### ÚLTIMA XORNADA

B. Ferrol - Culleredo · B. Coruña - Estudiantes
Carballo - Narón · Obradoiro - Rosalía

## CADETE 2ª MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| San Ciprián – D. Sarria | 76-22 |
| CB Viveiro – MGR Sarria | 60-46 |
| Est. Rojo – Ensino | 52-60 |
| Sagrado – Ribadeo | 30-75 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| SAN CIPRIAN | 12 | 11 | 1 | 0 | 844 | 486 |
| ESTUDIANTES AZUL | 10 | 10 | 0 | 0 | 702 | 470 |
| C.B. RIA DE RIBADEO | 11 | 7 | 4 | 0 | 785 | 566 |
| C. B. VIVEIRO | 12 | 6 | 6 | 0 | 672 | 664 |
| ENSINO LUGO | 10 | 7 | 3 | 0 | 579 | 414 |
| MGR C. B. SARRIA | 12 | 4 | 8 | 0 | 625 | 667 |
| ESTUDIANTES ROJO | 12 | 4 | 8 | 0 | 660 | 706 |
| A.X. SAGRADO | 12 | 2 | 10 | 0 | 519 | 788 |
| DESIGN C. B. SARRIA | 11 | 0 | 11 | 0 | 299 | 924 |

### PRÓXIMA XORNADA

Ribadeo - Est. Azul · Design Sarria - CB Viveiro
Ensino Lugo - San Ciprián · MGR Sarria - Sagrado

## JUNIOR 2º DIV. MASC. G-I

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| B. Coruña – Ribadeo | 81-45 |
| Culleredo – Esclavas | 95-35 |
| Carballo – H. Ferreiro | 87-37 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CARBALLO | 3 | 3 | 0 | 0 | 178 | 109 |
| BASQUET CORUÑA | 3 | 3 | 0 | 0 | 219 | 163 |
| **HIERROS FERREIRO** | **3** | **2** | **1** | **0** | **143** | **177** |
| KFC CULLE | 3 | 1 | 2 | 0 | 167 | 126 |
| **RIA DE RIBADEO** | **3** | **0** | **3** | **0** | **135** | **187** |
| ESCLAVAS | 3 | 0 | 3 | 0 | 153 | 233 |

### PRÓXIMA XORNADA

H. Ferreiro - Culleredo · Ribadeo - Esclavas
Carballo - B. Coruña

## INFANTIL 1ª DIV. MASC. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| B. Coruña – Rosalia | 50-59 |
| Maristas – B. Ferrol | 51-55 |
| Peleteiro – Culleredo | 63-75 |
| Burela 05 – Estudiantes | 47-83 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| INSTITUTO ROSALÍA | 13 | 12 | 1 | 0 | 950 | 673 |
| **ESTUDIANTES** | **13** | **10** | **3** | **0** | **965** | **753** |
| KFC CULLE | 13 | 9 | 4 | 0 | 930 | 731 |
| BASQUET CORUÑA I | 13 | 7 | 6 | 0 | 878 | 719 |
| PELETEIRO | 13 | 7 | 6 | 0 | 828 | 708 |
| **BURELA 05 MASC.** | **13** | **4** | **9** | **0** | **762** | **777** |
| BASKET FERROL | 13 | 3 | 10 | 0 | 490 | 896 |
| MARISTAS | 13 | 0 | 13 | 0 | 346 | 892 |

### ÚLTIMA XORNADA

Peleteiro - Rosalia · Estudiantes - Maristas
B. Ferrol - B. Coruña · Culleredo - Burela

## PREINFANTIL MASC. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Maristas – B. Ferrol | 56-66 |
| Montrove – Estudiantes | 59-75 |
| BBCA – Narón | 24-75 |
| Culleredo – B. Coruña | 78-42 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| NARON | 13 | 10 | 3 | 0 | 854 | 569 |
| **ESTUDIANTES** | **13** | **10** | **3** | **0** | **881** | **653** |
| **MARISTAS LUGO** | **13** | **9** | **4** | **0** | **853** | **780** |
| KFC CULLE | 13 | 8 | 5 | 0 | 840 | 700 |
| MONTROVE | 13 | 7 | 6 | 0 | 829 | 764 |
| BASKET FERROL | 13 | 4 | 9 | 0 | 753 | 876 |
| BASQUET CORUÑA | 13 | 4 | 9 | 0 | 686 | 869 |
| BBCA SARTAÑA | 13 | 0 | 13 | 0 | 522 | 1007 |

### ÚLTIMA XORNADA

B. Ferrol - Culleredo · B. Coruña - Montrove
Estudiantes - BBCA · Narón - Maristas

## MINIBASKET 2ª MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Galén Ensino – Est. Rojo | 58-47 |
| Franciscanos – Ribadeo | 63-23 |
| CB Viveiro – CB Sarria | 62-28 |
| M. Aux. – Cidade | 14-25 |
| Celtas – Est. Azul | 74-24 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CB CELTAS | 9 | 9 | 0 | 0 | 636 | 182 |
| CIDADE DE LUGO | 9 | 8 | 1 | 0 | 443 | 261 |
| ESTUDIANTES AZUL | 9 | 7 | 2 | 0 | 453 | 331 |
| MARÍA AUXILIADORA | 9 | 5 | 4 | 0 | 419 | 340 |
| CB VIVEIRO | 9 | 5 | 4 | 0 | 462 | 309 |
| C. B. SARRIA | 9 | 4 | 5 | 0 | 360 | 407 |
| GALEN ENSINO | 9 | 3 | 6 | 0 | 391 | 403 |
| ESTUDIANTES ROJO | 9 | 3 | 6 | 0 | 323 | 466 |
| FRANCISCANOS | 9 | 1 | 8 | 0 | 152 | 511 |
| CB RIA DE RIBADEO | 9 | 0 | 9 | 0 | 111 | 540 |

### PRÓXIMA XORNADA

Franciscanos - G. Ensino · CB Viveiro - Est. Azul
M. Aux. - CB Sarria · Ribadeo - Cidade Lugo
Est. Rojo - Celtas

## JUNIOR 2º DIV. MASC. G-II

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Betanzos – Estudiantes | 50-73 |
| Cambre – Baxi Ferrol | 68-58 |
| Narón – CB Viveiro | 51-50 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ESTUDIANTES** | **3** | **2** | **1** | **0** | **187** | **146** |
| BALONCESTO NARON | 3 | 2 | 1 | 0 | 174 | 179 |
| BETANZOS | 3 | 2 | 1 | 0 | 190 | 188 |
| CAMBRE | 3 | 1 | 2 | 0 | 183 | 198 |
| **C. B. VIVEIRO** | **3** | **1** | **2** | **0** | **146** | **165** |
| BAXI FERROL | 3 | 1 | 2 | 0 | 187 | 191 |

### PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes - Cambre · CB Viveiro - Baxi Ferrol
Betanzos - Narón

## MINI 1º DIV. MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ribadeo – Narón | 57-107 |
| BBCA – MGR Sarria | 100-93 |
| B. Ferrol – Estudiantes | 80-59 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BASKET FERROL | 11 | 11 | 0 | 0 | 804 | 432 |
| BALONCESTO NARÓN | 10 | 8 | 2 | 0 | 831 | 601 |
| **ESTUDIANTES** | **10** | **6** | **4** | **0** | **684** | **617** |
| **MGR CB SARRIA** | **11** | **4** | **7** | **0** | **768** | **868** |
| BBCA PONZOS | 10 | 5 | 5 | 0 | 689 | 624 |
| **MARISTAS LUGO** | **10** | **2** | **8** | **0** | **478** | **798** |
| **C. B. RIA RIBADEO** | **10** | **0** | **10** | **0** | **458** | **772** |

### PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes - Ribadeo · MGR Sarria - Maristas
Narón - BBCA

## INFANTIL 2º DIV. MASC.

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| MGR Sarria – Burela 06 | 67-37 |
| C. Ensino – Est. 05 | 83-40 |
| Elev. Sarria – Est. 06 | 29-65 |
| Franciscanos – Sagrado | 54-63 |
| Celtas – Ribadeo | 61-51 |
| Cidade – CB Viveiro | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| SAGRADO | 14 | 14 | 0 | 0 | 1001 | 610 |
| CANDELAS ENSINO | 14 | 12 | 2 | 0 | 929 | 509 |
| CELTAS | 14 | 12 | 2 | 0 | 966 | 670 |
| CB RIA RIBADEO | 14 | 9 | 5 | 0 | 864 | 682 |
| CIDADE DE LUGO | 13 | 8 | 5 | 0 | 701 | 613 |
| MGR C. B. SARRIA | 14 | 7 | 7 | 0 | 775 | 671 |
| ESTUDIANTES 05 | 14 | 6 | 8 | 0 | 724 | 853 |
| BURELA 06 MASC | 14 | 6 | 8 | 0 | 679 | 849 |
| FRANCISCANOS | 14 | 4 | 10 | 0 | 646 | 839 |
| C.B. VIVEIRO | 13 | 3 | 10 | 0 | 639 | 790 |
| ESTUDIANTES 06 | 14 | 1 | 13 | 0 | 471 | 890 |
| AG ELEV. SARRIA | 14 | 1 | 13 | 0 | 496 | 915 |

### PRÓXIMA XORNADA

CB Viveiro - MGR Sarria · Est. 06 - Franciscanos
Sagrado - C. Ensino · Ribadeo - Cidade
Est. 05 - Celtas · Burela - Elev. Sarria

## PREMINI 2º MASC. G1

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Est. Azul – Franciscanos | 52-0 |
| CB Viveiro – Maristas | 26-48 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ESTUDIANTES AZUL | 8 | 8 | 0 | 0 | 512 | 110 |
| MARISTAS LUGO | 8 | 6 | 2 | 0 | 402 | 255 |
| C. B. VIVEIRO | 8 | 3 | 5 | 0 | 223 | 332 |
| FRANCISCANOS | 8 | 2 | 6 | 0 | 186 | 379 |
| GALEN NARANJA | 8 | 1 | 7 | 0 | 156 | 403 |

FINALIZADA A 1ª FASE

## PREMINI 2º MASC. G2

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Est. Rojo – Est. Blanco | 56-6 |
| Burela – Cidade | 55-57 |
| CB Sarria – G. Ensino | 68-45 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C. B. SARRIA | 10 | 9 | 1 | 0 | 569 | 298 |
| ESTUDIANTES ROJO | 10 | 8 | 2 | 0 | 542 | 361 |
| BURELA | 10 | 5 | 5 | 0 | 526 | 467 |
| CIDADE DE LUGO | 10 | 5 | 5 | 0 | 497 | 504 |
| GALEN ENSINO | 10 | 2 | 8 | 0 | 325 | 538 |
| EST. BLANCO | 10 | 1 | 9 | 0 | 228 | 519 |

FINALIZADA A 1ª FASE

## JUNIOR 2º DIV. MASC. G-III

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| La Paz – B. Coruña | 90-53 |
| Los Rosales – Cidade | 84-49 |
| Burela – BBCA Cariño | 97-44 |
| Arteixo – Maristas | 44-65 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **BURELA JUV MASC** | **1** | **1** | **0** | **0** | **97** | **44** |
| LICEO LA PAZ | 1 | 1 | 0 | 0 | 90 | 53 |
| LOS ROSALES | 1 | 1 | 0 | 0 | 84 | 49 |
| MARISTAS CORUÑA | 1 | 1 | 0 | 0 | 65 | 44 |
| CB ARTEIXO | 1 | 0 | 1 | 0 | 44 | 65 |
| **CIDADE DE LUGO** | **1** | **0** | **1** | **0** | **49** | **84** |
| BÁSQUET CORUÑA | 1 | 0 | 1 | 0 | 53 | 90 |
| BBCA CARIÑO | 1 | 0 | 1 | 0 | 44 | 97 |
| SANTA Mª DEL MAR | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |

### PRÓXIMA XORNADA

Cidade - Burela · B. Coruña - Los Rosales
Maristas - La Paz · Mª del Mar - Arteixo

## JÚNIOR 1º DIV. FEMININA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| E. Pontevedra – Salasianos | 42-61 |
| C. María – RC Celta | 35-83 |
| Durán Ensino – Arxil | 79-46 |
| Peleteiro – Cortegada | 47-51 |
| Estudiantes – PBB A | 90-45 |
| Rosalía – Maristas | 58-45 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. CELTA ZORKA | 16 | 16 | 0 | 0 | 1282 | 600 |
| **ESTUDIANTES** | **16** | **14** | **2** | **0** | **1172** | **736** |
| ROSALIA PIO XII | 16 | 10 | 6 | 0 | 1055 | 950 |
| **DURAN ENSINO** | **16** | **10** | **6** | **0** | **1002** | **876** |
| CORTEGADA | 16 | 9 | 7 | 0 | 911 | 923 |
| PELETEIRO | 16 | 9 | 7 | 0 | 912 | 809 |
| SALESIANOS | 16 | 9 | 7 | 0 | 818 | 880 |
| MARISTAS CORUÑA | 16 | 6 | 10 | 0 | 915 | 1094 |
| ARXIL A | 16 | 5 | 11 | 0 | 703 | 1056 |
| COMPAÑIA MARIA | 16 | 5 | 11 | 0 | 853 | 1021 |
| PBB A | 16 | 2 | 14 | 0 | 776 | 1091 |
| EST. PONTEVEDRA | 16 | 1 | 15 | 0 | 680 | 1043 |

### PRÓXIMA XORNADA

Maristas - Estudiantes · Cortegada - D. Ensino
PBB A - Peleteiro · Arxil - RC Celta
Salesianos - Rosalia · C. María - E. Pontevedra

## CADETE 1º DIV. FEM. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Estudiantes – Cortegada | 55-53 |
| Peleteiro – Rosalía | 47-48 |
| B. Coruña – Candelas Ensino | 45-71 |
| BBCA – Maristas | 35-43 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ROSALIA PIO XII | 13 | 11 | 2 | 0 | 870 | 656 |
| **ESTUDIANTES** | **13** | **8** | **5** | **0** | **756** | **765** |
| **CANDELAS ENSINO** | **13** | **8** | **5** | **0** | **765** | **698** |
| BBCA VILAR | 13 | 7 | 6 | 0 | 706 | 729 |
| PELETEIRO | 13 | 6 | 7 | 0 | 687 | 648 |
| CORTEGADA | 13 | 6 | 7 | 0 | 789 | 847 |
| MARISTAS CORUÑA | 13 | 5 | 8 | 0 | 645 | 750 |
| BASQUET CORUÑA | 13 | 1 | 12 | 0 | 708 | 833 |

### ÚLTIMA XORNADA

Maristas - Estudiantes · Rosalía - BBCA
Cortegada - B. Coruña · C. Ensino - Peleteiro

## INFANTIL 2ª DIV. FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Franciscanos – G. Ensino | 38-49 |
| Stos. Sarria – CB Viveiro | 50-38 |
| Ensino Lugo – Burela 05 | 60-10 |
| T. Mariña – Cidade Lugo | 50-30 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ENSINO LUGO | 11 | 11 | 0 | 0 | 673 | 191 |
| BURELA 05 FEM | 11 | 9 | 2 | 0 | 569 | 324 |
| STOS C. B. SARRIA | 10 | 7 | 3 | 0 | 478 | 410 |
| ESTUDIANTES | 10 | 6 | 4 | 0 | 513 | 439 |
| FRANCISCANOS | 11 | 5 | 6 | 0 | 398 | 501 |
| GALEN ENSINO | 11 | 3 | 8 | 0 | 296 | 492 |
| C.B. VIVEIRO | 11 | 3 | 8 | 0 | 335 | 554 |
| TERRAS DA MARIÑA | 11 | 2 | 9 | 0 | 396 | 576 |
| CIDADE DE LUGO | 10 | 2 | 8 | 0 | 302 | 473 |

### PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes - T. Mariña · Cidade - CB Sarria
CB Viveiro - Franciscanos · Burela 05 - G. Ensino

## INFANTIL 1ª DIV. FEM. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| BBCA – Cortegada | 55-74 |
| Culleredo – Rosalía | --- |
| Maristas – Peleteiro | 21-71 |
| Giraldo – Estudiantes | 34-48 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PELETEIRO | 13 | 13 | 0 | 0 | 899 | 389 |
| **ESTUDIANTES** | **13** | **10** | **3** | **0** | **851** | **601** |
| GIRALDO CBV | 13 | 9 | 4 | 0 | 813 | 674 |
| CORTEGADA | 13 | 8 | 5 | 0 | 782 | 686 |
| MARISTAS CORUÑA | 13 | 4 | 9 | 0 | 620 | 849 |
| INSTITUTO ROSALIA | 12 | 4 | 8 | 0 | 626 | 693 |
| KFC CULLE | 12 | 3 | 9 | 0 | 501 | 802 |
| BBCA PORTO | 13 | 0 | 13 | 0 | 475 | 873 |

### ÚLTIMA XORNADA

Cortegada - Culleredo · Peleteiro - BBCA
Rosalia - Giraldo · Estudiantes - Maristas

## PREINFANTIL FEM. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Cortegada – Estudiantes | 37-51 |
| Culleredo – B. Coruña | 43-78 |
| Porto do Son – Cambados | 73-42 |
| BBCA – Maristas | 83-48 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BBCA CHAMORRO | 13 | 13 | 0 | 0 | 871 | 426 |
| **ESTUDIANTES** | **13** | **12** | **1** | **0** | **866** | **399** |
| CORTEGADA | 13 | 9 | 4 | 0 | 783 | 536 |
| PORTO DO SON | 13 | 7 | 6 | 0 | 696 | 575 |
| BASQUET CORUÑA | 13 | 5 | 8 | 0 | 574 | 719 |
| CAMBADOS | 13 | 3 | 10 | 0 | 434 | 817 |
| MARISTAS | 13 | 3 | 10 | 0 | 590 | 796 |
| KFC CULLE | 13 | 0 | 13 | 0 | 285 | 831 |

### ÚLTIMA XORNADA

Cambados - Culleredo · Estudiantes - BBCA
B. Coruña - Cortegada · Maristas - Porto do Son

## MINI 1º DIV. FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Baxi Ferrol – Rosalia | --- |
| B. Coruña – Estudiantes | 54-42 |
| Cluny 007 – BBCA | 37-54 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BBCA DONIÑOS | 2 | 2 | 0 | 0 | 121 | 92 |
| BASQUET CORUÑA | 2 | 1 | 1 | 0 | 109 | 109 |
| **ESTUDIANTES** | **2** | **1** | **1** | **0** | **104** | **96** |
| PIO XII ROSALIA | 1 | 1 | 0 | 0 | 75 | 28 |
| CLUNY 007 | 2 | 0 | 2 | 0 | 65 | 129 |
| BAXI FERROL | 1 | 0 | 1 | 0 | 42 | 62 |

### PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes - Cluny 007 · Rosalia - BBCA
Baxi Ferrol - B. Coruña

## MINIBASKET 2º FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Cidade – Galén Ensino | 57-7 |
| Est. Celeste – CB Viveiro | 55-67 |
| Franciscanos – CB Burela | 45-63 |
| CB Sarria – Fingoi | 62-11 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C.B.BURELA | 9 | 9 | 0 | 0 | 544 | 267 |
| C. B. SARRIA | 9 | 7 | 2 | 0 | 498 | 224 |
| FRANCISCANOS | 9 | 6 | 3 | 0 | 515 | 343 |
| CIDADE DE LUGO | 9 | 6 | 3 | 0 | 456 | 273 |
| C B VIVEIRO | 9 | 4 | 5 | 0 | 394 | 523 |
| GALEN ENSINO | 9 | 2 | 7 | 0 | 196 | 444 |
| EST. CELESTE | 9 | 2 | 7 | 0 | 323 | 461 |
| FINGOI | 9 | 0 | 9 | 0 | 115 | 506 |

### PRÓXIMA XORNADA

Fingoi - Franciscanos · CB Viveiro - CB Sarria
Est. Celeste - Cidade · CB Burela - Galén E.

## JUNIOR 2º DIV. FEM. A-A

### RESULTADOS

Ensino – Los Rosales
BBCA – B. Coruña
Culleredo – Pontumio
Ribadeo – Artai

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **ENSINO LUGO** | **0** | **0** | **0** | **0** | **0** | **0** |
| **RIA DE RIBADEO** | **0** | **0** | **0** | **0** | **0** | **0** |
| LOS ROSALES | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| BBCA | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| CULLEREDO | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| B. CORUÑA | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| PONTUMIO | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| ARTAI | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |

### PRÓXIMA XORNADA

B. Coruña - Ensino Lugo · Artai - BBCA
Los Rosales - Culleredo · Pontumio - Ribadeo

## JUNIOR 2º DIV. FEM. A-A

### RESULTADOS

San Ciprián – Laracha
Terra Cha – Trebons

### CLASIFICACIÓNS

